



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO XIII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en Combarro – Poio: video promocional, deseño e maquetación de publicacións, actuacións musicais/espectáculos e aluguer de dotación para actuacións musicais/espectáculos (escenarios...)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades porque se trata dun encontro cunhas características especiais que o fai único en Galicia, motivo polo que a Consellería o decide potenciar.

A Federación CULTURMAR é a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actuacións, con estas especiais características, as únicas que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de abril de 2017

